

## **RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DA CORPORACIÓN DO 22 DE XUÑO DO 2023, POLA QUE SE DEIXA SEN EFECTO A SUSPENSIÓN DO PROCESO SELECTIVO EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN**

Unha vez publicada a resolución do 17 de febreiro do 2023 pola que se estimaba a petición de suspensión presentada por varias persoas interesadas no procedemento, e tras a avaliación dos seguintes

### **ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.-** Mediante anuncio publicado no DOG do 30 de decembro do 2022, déuselle publicidade á convocatoria do proceso selectivo excepcional de estabilización, realizada mediante a dita resolución.

**SEGUNDO.-** Varias das persoas interesadas no procedemento presentaron recursos de reposición que incluían unha solicitude de suspensión da execución da resolución recorrida.

**TERCEIRO.-** Esta Dirección Xeral, en data 17 de febreiro do 2023, unha vez ponderados os prexuízos que ocasionaría a inmediata execución do acto, e os derivados da estimación da solicitude de suspensión, resolveu suspender o proceso selectivo excepcional de estabilización.

A suspensión tivo efectos do 17 de febreiro do 2023, e realizouse dentro do prazo de presentación de solicitudes restando sete días hábiles para o seu remate, considerando o establecido na resolución de convocatoria.

**CUARTO.-** A resolución expresa dos recursos de reposición presentados foille notificada ás persoas recorrentes.

Vista a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro); a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 251 do 31 de decembro); e a Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia (DOG núm. 239, do 16 de decembro), e a demais normativa concordante de aplicación, e en virtude dos seguintes

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**PRIMEIRO.-** O Director Xeral da CRTVG, en virtude do disposto no artigo 26 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e no artigo 36.2 e) dos Estatutos da Corporación, é competente para coñecer da resolución das presentes solicitudes de suspensión.

**SEGUNDO.-** O artigo 117.2 da citada lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas regula a suspensión da execución dos actos impugnados nos recursos administrativos nos seguintes termos:

[...] “ 2. Porén o disposto no apartado anterior, o órgano ao que compete resolver o recurso, previa ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión e o ocasionado ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender, de oficio ou a solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

a) *Que a execución puidera causar prexuízos de imposible ou difícil reparación*”. [...]

A resolución da Dirección Xeral do 17 de febreiro acolleu a solicitude de suspensión, baseando a súa pertinencia no feito de estar en xogo criterios de valoración que poderían modificar as condicións da concorrencia competitiva, e de estar presentada, entre outros, por dúas organizacións sindicais con importante presenza nos órganos de representación do persoal, neste sentido toda vez que ningún dos motivos de impugnación foi acollido, desestimándose na súa integridade todos os recursos presentados

O Director xeral da CRTVG, RESOLVE

**LEVANTAR** a suspensión do proceso selectivo excepcional de estabilización feito público mediante anuncio publicado no DOG do 30 de decembro do 2022.

**REABRIR** o prazo de solicitudes pendente, que se estenderá dende o día 28 ao xuño ata o 6 de xullo do 2023, ambos os dous días incluídos.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, perante, a elección da persoa demandante, o xulgado do contencioso-administrativo da circunscrición na que teña o seu enderezo, ou o de Santiago de Compostela, consonte os artigos 8 e 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE núm. 167, do 14 de xullo).

San Marcos, 22 de xuño do 2023

O Director Xeral da Corporación  
Radio e Televisión de Galicia S.A.

  
**CRTVG** CORPORATION  
RADIO E TELEVISIÓN  
DE GALICIA  
Dirección Xeral

Alfonso Sánchez Izquierdo